

Raquel Vila Amado (2014): “Unha *fanfarrada* tocando a *fanfona*. Vacilación dos fonemas /f/ e /θ/ na lingua galega”. *XXX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*. O Porto, 22-24 outubro 2014 [Póster]



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Unha fanfarrada tocando a fanfona

Vacilación dos fonemas /f/ e /θ/ na lingua galega

Raquel Vila Amado

Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela

Neste póster preténdese ilustrar e explicar a vacilación de /f/ e /θ/ nalgúns ítems léxicos da lingua galega (*fanfarrada* e *cencerrada*, *fanfona* e *zanfona*, *cocear* e *cofear*...), a partir dos datos extraídos do *Atlas Lingüístico Galego* e do *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*, dous proxectos do Instituto da Lingua Galega concibidos para describir a variación xeográfica do galego moderno.


PROCEDENCIA DOS DATOS

- O *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) é un proxecto do Instituto da Lingua Galega (ILG) que pretende describir a riqueza da variación xeográfica do galego moderno. Entre 1974 e 1977, tres investigadores realizaron enquisas en 167 lugares de fala galega. Formuláronse máis de 2700 preguntas e recolléronse arredor de 4000 formas en cada punto, coas que se creou unha base de datos composta por case 500000 rexistros.
- O *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* (TLPGP) é un proxecto internacional posto en marcha desde o ILG coa participación de universidades de Portugal e Brasil. Trátase dunha base de datos léxica que pretende integrar nun único banco de datos materiais procedentes de traballos de léxico dialectal de galego, portugués de Portugal e portugués do Brasil. O corpus, que se incrementa de xeito continuo, conta actualmente con 171469 rexistros e está integrado por 121 obras (55 de Portugal, 12 de Brasil e 54 de Galicia). Neste traballo empregáronse só datos xeorreferenciados en Galicia.

DESCRICIÓN DO FENÓMENO

Os dialectos central e oriental do galego conteñen no seu repertorio fonémico un fonema fricativo dental non-sibilante xordo /θ/, ademais doutro fricativo labiodental xordo /f/. A efectos fonolóxicos, estes segmentos son normalmente tratados como labiais e coronais. Con todo, estes fonemas teñen similitudes acústicas, pois ambos os dous son anteriores ou difusos, é dicir, presentan enerxía en todas as frecuencias ó longo do espectro. Este feito explica que sexan posibles as confusións entre eles.

Figura 1. Espectrogramas das fricativas [f] e [θ]




Acusticamente, os sons fricativos defínense como non-soantes ou obstruintes, pois non presentan unha estrutura formántica definida, senón enerxía acústica distribuída de xeito desordenado polo espectrograma, con maior concentración arredor de determinadas frecuencias. Así, as fricativas caracterízanse por teren ruído turbulento, é dicir, presentan unha amálgama aleatoria que é a inharmonicidade do ruído, o que as caracteriza fronte ós demais sons. Entrambos os espectrogramas son evidentes dúas diferenzas: a frecuencia onde ten lugar a máxima intensidade (maior negrura) e esa mesma intensidade, aínda que non se poden diferenciar de xeito tallante.

O espectrograma de [f] amosa a imaxe dun son-ruído que dispersa a enerxía sobre unha ampla banda da escala de frecuencias. O espectro é practicamente plano, como consecuencia das pequenas diferenzas entre as amplitudes dos principais formantes. Pola súa banda, en [θ] a enerxía do son dental distribúese por todo o espectrograma e presenta, igual que [f], un espectro case plano pola falta de núcleos de grande intensidade. Non se produce un agrupamento dos picos espectrais (puntos de maior concentración de enerxía), senón que estes aparecen en diferentes frecuencias, polo que non se pode considerar que haxa formantes claros.

ANÁLISE DOS DATOS

Os datos deste traballo extraéronse principalmente do ALGa, a partir das cuestións 2357 *cencerrada*, 2543 *zanfona*, 2200 *bocexar*, 2399 *saloucar*, 2234 *bocio*, 2259 *aloumiñar* e 2198 *abafar*, e foron completados con información do TLPGP para logo ser representados cartograficamente.

Mapa 1. Distribución de ítems léxicos con /θ/ e /f/



Escóllense unha serie de ítems léxicos que conteñen o son interdental e que presentan variantes con /f/ en vez de /θ/. Este é o caso de *zanfona*, coas variantes *zanfona* e *zanfona*, formas estendidas por toda Galicia e fronte ás que se atopa *fanfona*, coas variantes *fanfona* e *fanfona*, en catro puntos do galego central e oriental. O mesmo acontece con *bocexar* e *bocexar* fronte a *bofexar* e *abofexar*, nun punto do centro e outro do oriente; con *zaloucar* ou *zaloucar* fronte a *falucar*, no sur da Coruña, e con *bozo* fronte a *bofo*, con cadansúa forma rexistrada nos bloques central e oriental.

A confusión nos casos comentados consiste na substitución de /θ/ por /f/. Con todo, esta vacilación dáse nos dous sentidos, é dicir, tamén de /f/ cara a /θ/. Este é o caso de *bafexar*, que presenta no bloque occidental non-seseante *bacexar*, ou de *cofear*, *cofear* e *acofear* fronte a *cocear* e *acecear*, cunha atestación no bloque central e dúas no sur de Pontevedra.

Cómpre comentar o caso de *cencerrada*, presente en toda Galicia, á que acompaña unha forma *fanfarrada* no centro de Lugo. Con todo, non se pode asegurar que esta forma sexa un caso de vacilación fonética con cambio vocálico, senón que é probable que se trate dunha etimoloxía popular por cruzamento ou, máis posible, dunha derivación de *farrada*.

É salientable que esta vacilación fonética se produza en zonas de non-seseo, o cal podería ser un indicio de que o fenómeno é posterior á aparición de /θ/, datada do s. XVII. Os antigos fonemas apicoalveolares e predorsodento-alveolares afastáronse e o fonema fricativo interdental xordo /θ/ xurdiu a partir do anterior predorsodento-alveolar xordo /s/. Na área centro-oriental do galego e no bloque occidental non-seseante, coincidente co sistema posuidor de /θ/ no seu repertorio fonémico, é onde se rexistran a maior parte de datos que amosan a vacilación de /f/ por /θ/, ou viceversa.

Pódese concluir que existe un fenómeno polo que se confunden os fonemas fricativos xordos /f/ e /θ/ debido á proximidade dos seus trazos. Este fenómeno non é exclusivo do galego; tamén se produce noutras falas do mundo, como por exemplo no español dalgunhas zonas de Andalucía ou no dialecto inglés de Londres. A devandita vacilación non é explicable mediante trazos articulatorios, senón polas similitudes acústicas destes sons. A localización do fenómeno, exclusivo das falas galegas non-seseantes, permite datalo como posterior á aparición da interdental /θ/, arredor do século XVII.